

Resolución do 30 de xuño de 2009 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe), que aproba as bases reguladoras das axudas do Igape ás Pemes, autónomos e particulares para a renovación de automóviles con achatarramento de automóviles antigos (Plan Remóvete Galicia).

OBJECTO

Estas bases regulan o contido e procedemento de tramitación dunha liña de axudas a fondo perdido para **incentivar a modernización de vehículos nas Pemes e autónomos e aos particulares.**

BENEFICIARIOS E REQUISITOS

O Igape poderá conceder **axudas a fondo perdido** para a modernización de vehículos aos seguintes tipos de beneficiarios:

- **Pemes e autónomos**, domiciliadas ou con algún centro de actividade en Galicia na data de adquisición do vehículo obxecto das axudas.
Para as actividades comprendidas dentro dos sectores regulados por normas específicas da UE sobre axudas estatais, estas axudas axustaranse ás ditas normas específicas (artigo 1.3 do Regulamento (CE) 800/2008 da Comisión do 6 de agosto de 2008). Sector do transporte, **non** serán subvencionables os vehículos de transporte de mercadorías por estrada.
- **Persoas físicas** con residencia en Galicia na data de adquisición do vehículo obxecto das axudas.

REQUISITOS: estar ao día das súas obrigas coa Facenda Pública, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa seguridade social (e en xeral cumprir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño).

Será causa de denegación que o solicitante teña pendente de reintegro calquera axuda previa declarada ilegal e incompatible co mercado común.

CONDICIÓNS DAS AXUDAS

Serán subvencionables as operacións de compraventa de vehículos nunha entidade colaboradora formalizadas desde o día 18 de maio de 2009 e ata o 31 de decembro de 2009, en que os compradores cumpran as seguintes condicións:

Para Pemes, autónomos e persoas físicas.

a) Adquirir un turismo novo ou matriculado en Galicia con menos de 2 anos de antigüidade, categoría M1 (emisión non superior a 149 g/km de CO₂) e cun custo non superior a 30.000 €; ou ben un vehículo comercial lixeiro novo ou matriculado en Galicia con menos de dous anos de antigüidade, categoría N1, con masa máxima autorizada non superior a 3.5 tm e pouco contaminante (emisión non superior a 160 g/km de CO₂) e cun custo non superior a 30.000 €, nas entidades colaboradoras adheridas á presente iniciativa.

b) Entregar para achatarramiento un vehículo antigo, con antigüidade superior a 10 anos ou máis de 250.000 km, propiedade da empresa ou autónomo.

c) SOAMENTES PARA PEMES E AUTÓNOMOS: achegar para adquisición do vehículo unha contribución financeira exenta de calquera tipo de apoio público de, polo menos, un 25% do importe, xa sexa mediante recursos propios ou mediante financiamento externo.

Salvo nos casos de adquisicións e achatarramiento de vehículos comprendidas entre o 18 de maio de 2009 e a entrada en vigor destas bases, os beneficiarios non poderán achatarrar o vehículo antigo nin adquirir o vehículo obxecto da axuda previamente á presentación da solicitude de axuda pola entidade colaboradora no Igape.

Non serán subvencionables as operacións de substitución de vehículos que puidesen levar a cabo os propios establecementos de venda de vehículos.

As entidades colaboradoras poderán presentar solicitudes de axuda desde o día de entrada en vigor destas bases no DOG ata o 15 de decembro de 2009 (ou ata o fin do orzamento).

CONTÍA DAS AXUDAS

- a) 500€ para adquisición dun turismo M1 cuxo custo non alcance os 10.000€.
- b) 700€ cando o turismo M1 teña un custo entre 10.000 e 30.000€.
- c) 1000€ para un vehículo categoría N1, salvo os indicados na epígrafe seguinte.
- d) 1.500€ para vehículos categoría N1, e sexa adquirido por unha PEME ou autónomo cuxa actividade principal se desenvolva nos sectores da pesca, agroindustrial, téxtil - confección, naval e industria auxiliar, transformación da madeira, rochas ornamentais, audiovisual ou turismo. (As epígrafes correspondentes son os enumerados no anexo IV, as empresas que acrediten mediante alta no IAE algunha destas actividades, deberán ter sido dadas de alta con anterioridade ao 18 de maio de 2009).

Para o cómputo dos custos incluírase a base imponible e o IVE, pero non a axuda do Igape nin outras axudas.

No caso de que algún organismo ou institución estatal achegase unha cantidade adicional para o mesmo plan, esta **sería compatible** coas axudas aquí establecidas coa condición, no caso de Pemes e autónomos, que a axuda acumulada non supere o 50% do custo total do vehículo.

PLAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Ata o 15 de decembro de 2009 e solicitarase a través das entidades colaboradoras.

REFERENCIA LEGISLATIVA

Resolución de 30 de xuño de 2009 - DOG nº 130, de 6 de xullo de 2009